



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Moza, de tanto cantar
se non ch' estuvera rouca
/:habíache de axudar:/
ai la la la...ai la le lo

O meu amor é pequeno
eu tamén así o quero
métoo no peto do saio
/:e gozo eu cando quero/:.
Ai la...

Toca, miña pandereta,
si non heiche de quebrar,
/:que me costáche-os cartos,
axúdamos a ganar:/

Toca, miña pandereta,
si non heiche de partir
/:que me costáche-los cartos,
axúdam' a divertir:/

Este pandeiro que toco
non é meu qu' é de María,
/:que mos prestou esta noite
para ir á romaría:/

Este pandeiro que toco
non é meu qu' é de Bernarda,
/:que mo prestou esta noite
para ir á fouliada.:/

...

... o meu pensamento
/:de rompe-la pandeireta,
mete-la cabeza dentro:/.
Ai la...